

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Xunta de Goberno Local do Concello de Carballo, en Sesión Extraordinaria do mércores 2 de xaneiro de 2019, aprobou o seguinte ACORDO:

5.- Convenios

5.1.- Convenio de colaboración entre o IES Alfredo Brañas e o concello de Carballo para o uso do ximnasio e patio cuberto do centro educativo. Aprobación

Anexo.- CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IES ALFREDO BRAÑAS E O CONCELLO DE CARBALLO PARA O USO DO XIMNASIO E PATIO CUBERTO DO CENTRO EDUCATIVO

Primeiro.- Ámbito subxectivo e competencial

O/a director/a do centro educativo ostenta a representación do instituto e representa oficialmente á Administración educativa no instituto, sen prexuízo das atribucións das demais autoridades educativas, en virtude do disposto nos artigos 30 do Real decreto 83/1996, de 26 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria (BOE 21.02.1996) e 20 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG 09.08.1996) polo que se aproba o Regulamento orgánico dos Institutos de Educación Secundaria.

A súa atribución de competencias ven conferida pola súa elección e toma de posesión do devandito cargo de alcalde na sesión constitutiva do pleno do Concello de Carballo o 13 de xuño de 2015 e polo art. 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril (nomeamento como alcalde ou concelleiro ou resolución de delegación de competencias para asinar o acordo)

Segundo.- Obxecto e responsabilidades.

O presente acordo ten por obxecto o desenvolvemento do convenio marco de colaboración entre a Federación Galega de Municipios e Provincias (en adiante FEGAMP) e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (en adiante CCEOU) sobre o uso, polos concellos Galegos, de instalacións deportivas de titularidade da Consellería, asinado o día dezaseis de outubro de dous mil catorce.

O/a representante do concello que asina o presente acordo responsabilízase do conxunto de actividades que a entidade local leve a cabo nas instalacións do centro docente. Non obstante, de conformidade coa cláusula terceira do convenio marco de referencia, cando as instalacións deportivas do centro educativo non tivesen acceso independente, arbitranse fórmulas conxuntas de responsabilidade entre a dirección do centro e o concello, que delimitarán, de xeito preciso, as responsabilidades e responsables e formará parte integrante do acordo de colaboración que asinen as partes.

Son actividades e responsables de actividade obxecto deste acordo, os que de segundo se relacionan:

ACTIVIDADE	RESPONSABLE DA ACTIVIDADE			DIAS DE REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE	FRANXA HORARIA OCUPADA
	Nome e apelidos	DNI	teléfono		
ACTIVIDADE FÍSICA DEPORTIVA				Luns	16:15 – 22:15

O uso do ximnasio soamente será utilizado aqueles días que pola climatoloxía, non se poda utilizar as pistas do Chorís, onde as entidades de atletismo van desenrollar a súa actividade e ademais non poderá estar utilizado máis ala das 19:15 horas, que deberá quedar totalmente pechado

Terceiro. Póliza de seguro

E requisito de eficacia deste acordo, determinante do inicio de colaboración, a achega por parte do concello, dunha póliza de seguros de responsabilidade civil con cobertura suficiente para o conxunto de actividades que recolle o cadro da cláusula anterior.

Cuarto. Obrigas do concello

1. Usar as instalacións de forma compatible coa súa natureza
2. Informar a dirección do centro, no mesmo día ou na primeira hora do día seguinte, de calquera incidencia ou estrago, que suceda nas instalacións dentro do horario de uso que corresponde ao concello, así como asumir os custos de reparación ou reposición a que dera lugar
3. O concello se obriga a facer cumprir a limpeza das instalacións despois de cada xornada, para que quede nas mesmas condicións que o atoparon o día seguinte o alumnado de centro educativo.
4. O concello, poderá modificar o plan de uso de maneira puntual, sempre con previo aviso de 5 días, sempre que non interrompa o horario lectivo ou calquera actividade puntual do centro educativo, e co visto bo da dirección do centro.
5. O acceso a instalación será pola porta que da o patio as pistas do Chorís, así como o acceso o ximnasio será pola porta de utilización exterior do ximnasio, sin entrada os vestiarios do ximnasio.
6. O adestrador, monitor ou persoa responsable non poderá ausentarse da instalación mentres estea algún deportista, así como deberá de revisar ó finalizar as sesións, o estado dos vestiarios e dependencias utilizadas, e que todo quede pechado as instalacións.
7. O concello se fará responsable da reposición de todo aquel material que sufra deterioro polo mal uso.
8. O Concello entregará o plan de uso do ximnasio e patio cuberto antes do inicio das actividades, explicando que entidades farán uso de tales espazos.
9. O Concello deixará un material deportivo para o uso das actividades durante as xornadas de tarde, que poderá ser utilizado polo departamento de Educación Física do centro educativo.
10. O Concello de Carballo establecerá o uso preferente do Pavillón Vila de Noia durante o horario lectivo para as clases ou actividades deportivas durante o curso escolar, sempre que non exista actividade propia do departamento de deportes sempre de maneira gratuita. Os horarios deberá de coordinarse co Servizo de Instalacións deportivas.
11. O Concello se responsabilizará das chaves que lle fará entrega a dirección do centro educativo, das seguintes dependencias:
 - a. Portal de acceso dende o patio cuberto as pistas do Chorís
 - b. Porta exterior do ximnasio o patio cuberto.
 - c. Porta exterior dos vestiarios o patio cuberto
 - d. Porta da caixa exterior para encendido das pistas do Chorís, que se atopa no patio cuberto.
12. O Concello se compromete a facer entrega das chaves a dirección do centro educativo das instalacións, así como a cambiar os bombillos das portas unha vez rematado o convenio

Sexta. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

A Consellería, mediante a dirección do centro cando corresponda, asumirá as seguintes obrigas en virtudes deste convenio:

Non denegará a colaboración con concello se a súa petición se axusta ás condicións establecidas neste convenio e non exista circunstancias de excepción

Facilitar o desenvolvemento das actividades autorizadas, sempre que se axusten aos termos acordados.

Sétima. Reservas

A sinatura do presente convenio non suporá, en ningún caso, a obriga da Consellería de realizar ningún tipo de intervención de ampliación, reforma, adaptación, reparación ou de calquera outro tipo nas instalacións obxecto desta colaboración

A dirección do centro reservase o dereito de preferencia sobre o uso das instalacións que son obxecto deste convenio. Este dereito concrétese na potestade da dirección do centro para denegar as actividades que propoña o concello cando coincidan ou poidan obstaculizar o desenvolvemento de actividade escolares ou extraescolares.

Oitava. Vixencia, Suspensión, Modificación, denuncia e resolución do convenio

Este acordo ten unha vixencia de un ano (1) ano, sempre que non medie denuncia por ningunha das partes, dende o 1 de decembro de 2018 ata o 31 de agosto de 2019

A vixencia deste acordo entendese automaticamente suspendida, no caso de que circunstancias excepcionais de forza maior (tales como catástrofes, emerxencias, sinistros e outros de relevancia social análoga) fagan necesario o uso das instalacións obxecto deste colaboración

As partes poderán denunciar ou modificar o acordo en calquera momento, por mutuo acordo

Son causas de resolución do acordo de colaboración

1. Incumprimento reiterado por parte do concello da obriga da limpeza posterior ao uso das instalacións.
2. O transcurso do ano dende a autorización
3. A obstaculización reiterada de actividades propias do centro.

Novena. Protección de datos de carácter persoal

O Concello de Carballo e o IES ALFREDO BRAÑAS están obrigados ao cumprimento do Real decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e lexislación concordante.

O/a director/a do centro é o/a responsable do ficheiro que, no seu caso, se cree cos datos co carácter persoal derivados deste acordo. Os datos de carácter persoal recollidos neste ficheiro se devolverán ou destruírán no momento de extinción ou resolución deste acordo de colaboración.

O/a responsable da entidade local, en representación desta, poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, ante o/a responsable do ficheiro, no seguinte enderezo: Rúa Praza do Concello, CP.: 15100 Carballo, na provincia de A Coruña.